

O goberno socialista do Carballiño amosa a súa irresponsabilidade ao manter pechada a web “festadopulpodocarballino.es” en vésperas dunha nova edición.

- E o enlace da festa, máis consultado polos que nos pretenden visitar e está pechada por falta de pago do mantemento e o lugar da páxina.



Ourense, 14 de xullo de 2016.- O Partido Popular do Carballiño ven de expresar a súa indignación pola irresponsabilidade do grupo socialista de goberno, “que en vésperas dunha nova edición da Festa do Pulpo mantén pechada a páxina web deste evento” asunto que xa se ven producindo dende fai varios meses, afirmou o voceiro popular no Concello, Argimiro Marnotes, indignación que é maior cando foi sabedor de que esto se produce por falta de pago da páxina nos conceptos de mantemento e espacio na rede.

O representante do PP carballiñés denuncia a pasividade do goberno municipal socialista, “que está a xogar co futuro dunha festa que vai xa superou os medio cento de edicións e que despois dun duro traballo conseguiu a declaración de interese turístico nacional hai catro anos”, pois non é un bo camiño deixar morrer certas ferramentas que enriquecen a nosa festa.

Dende os propios panfletos publicitarios e cartelería se anuncia esta páxina como lugar para consultar e o mensaxe que aparece e o de pechado, polo que a imaxen que se está a dar é lamentable, o que deixa moito que decir da comunicación que da nosa festa se fai.

Dende a súa apertura en 2013, o sitio “festadopulpodocarballino.es” converteuse nunha entrada de referencia para todas aquelas persoas que, “dende calquera recuncho do mundo quixeran coñecer a orixe, a historia e as actividades que se organizan en torno a cada edición”, podéndose ademáis visitar virtualmente moitos dos nosos lugares de interese turístico” engadiu Argimiro Marnotes, que referencia as súas palabras lembrando as preto de 40.000 visitas que recibe esta páxina, “das que en torno ás 15.000 son dende o estranxeiro”.

O voceiro popular insta ao alcalde a unha inmediata solución diante da proximidade das actividades que se programen antes e durante o 14 de agosto, data na que se celebrará a edición número 54, “pois unha festa desta relevancia non se pode permitir que permaneza illada da demanda de información que ten a través das novas tecnoloxías diseñadas para exproceso para esta festa”.